

O Valedor do Pobo e a lingua propia de Galicia

A Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL) desexa facer pública a súa total desconformidade coa resolución oficial do Valedor do Pobo que insta á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria á corrección ou retirada do libro de texto de Coñecemento do Medio de 5º curso de Educación Primaria da editorial *Vicens Vives*, por recoller de forma literal o disposto a respecto da lingua galega polo Estatuto de Autonomía no seu artigo 5.1: “**A lingua propia de Galicia é o galego**”; petición que foi acollida de forma inmediata pola propia Consellería, que instou á editorial á rectificación do texto neste punto específico, por non facer alusión explícita ao castelán como lingua oficial da nosa comunidade.

Desde a CGENDL, consideramos esta resolución como improcedente, tendo en conta que:

a) fai obxecto de **polémica innecesaria** un material didáctico que se axusta totalmente á legalidade e que reproduce, de forma literal, textos aprobados polo mesmo Parlamento de Galicia.

b) adopta un **punto de vista parcial e erróneo**, pois o informe do Valedor restrínxese á análise dunha única páxina do manual escolar, sen ter en conta a mención explícita que, na páxina anterior á que resultou denunciada, se fai do castelán como lingua oficial de acordo co establecido pola Constitución española. Literalmente di: “A Constitución establece que o castelán é a lingua oficial de España”, a continuación fai referencia a que é a lingua oficial “única” en 11 comunidades... e nas demais existe “outra” lingua oficial. O libro da editorial *Vicens Vives* ofrece, polo tanto, unha visión obxectiva do status lexislativo vixente na nosa comunidade, distinguindo perfectamente os conceptos de lingua oficial e lingua propia. Daquela, o devandito informe **non se axusta á verdade** cando di que o libro “carece do rigor científico imprescindible”

c) **pon en cuestión a mesma realidade sociolingüística de Galicia**, posto que fomenta un debate estéril, pero intereseiro, sobre un feito irrefragable desde un punto de vista histórico e científico, como é a afirmación de que o galego constitúe a lingua propia de Galicia, algo que non constitúe obxecto de discusión en ningún ámbito académico minimamente rigoroso.

Neste sentido, a CGENDL considera que os organismos públicos de Galicia non deberían actuar en contra dos principios éticos e legais que xustifican a súa propia existencia, e entre os cales figura, como recolle o propio Estatuto de Autonomía, **a promoción e defensa da lingua propia de Galicia**. Entendemos, pois, esta resolución do Valedor do Pobo como intervencionista no ámbito pedagógico, pois semella que pretende ocultar ao noso alumnado unha visión positiva e enriquecedora da pluralidade lingüística do Estado español, e o dereito

legal (e tamén ético) que nos asiste, tanto desde o ámbito institucional como desde o educativo, a favorecer unha visión positiva das linguas minorizadas, para desterrarnos prexuízos e desigualdades históricas.

Así mesmo, esta actuación do Valedor suxírenos unha falta absoluta de sensibilidade de certas autoridades políticas e educativas co labor cotián que desempeñamos os docentes nas aulas, pois un dos nosos obxectivos didácticos prioritarios segue a ser a promoción e dinamización da lingua galega, en canto patrimonio cultural común a todas as galegas e galegos, sempre desde o respecto absoluto aos dereitos lingüísticos individuais de todos os membros da comunidade escolar.

Por todo o dito, a CGENDL convida ao Valedor do Pobo e ao Conselleiro de Educación a que atendan con máis rigor e sentido institucional as obrigas que se derivan do seu cargo, de modo que adiquen todos os seus **esforzos a unha promoción real e efectiva do coñecemento e uso da lingua galega, sen que das súas accións se deriven iniciativas que semellan favorecer unha liña política e ideolóxica restritiva co verdadeiro plurilingüismo, que debería comezar sempre polo idioma de noso.**